

Guía didáctica do alumnado de bacharelato semipresencial

Literatura galega do século XX

Ensinanza	Bacharelato a distancia semipresencial
Tipo de documento	Guía do alumnado
Curso	2º
Materias	Optativa
Nome da materia	Literatura galega do século XX
Autor/a ou autores:	María Luz Rey Yáñez

1. Introducción.....	4
A materia: liñas xerais	4
Libro de texto	4
Distribución temporal das unidades.....	4
Metodoloxía de estudo	5
Apartados do traballo en cada unha das unidades	5
As titorías lectivas e de orientación	5
Lecturas recomendadas	6
2. Unidade 0. Entre dous séculos	7
2.1 Criterios de avaliación.....	7
2.2 Suxestións para o estudo	7
2.3 Actividades de autoavaliación.....	8
2.4 Actividades de titoría	8
3. Unidade 1. O tempo das Irmandades da fala	8
3.1 Criterios de avaliación.....	8
3.2 Suxestións para o estudo	8
3.3 Actividades de autoavaliación.....	9
3.4 Actividades de titoría	9
4. Unidade 2. A Xeración Nós.....	10
4.1 Criterios de avaliación.....	10
4.2 Suxestións para o estudo	10
4.3 Actividades de autoavaliación.....	10
4.4 Actividades de titoría	10
5. Unidade 3. As vangardas.....	11
5.1 Criterios de avaliación.....	11
5.2 Suxestións para o estudo	11
5.3 Actividades de autoavaliación.....	11
5.4 Actividades de titoría	11
6. Unidade 4. A literatura galega en América.....	12
6.1 Criterios de avaliación.....	12
6.2 Suxestións para o estudo	12
6.3 Actividades de autoavaliación.....	12
6.4 Actividades de titoría	12
7. Unidade 5. Arredor de Galaxia	13
7.1 Criterios de avaliación.....	13
7.2 Suxestións para o estudo	13
7.3 Actividades de autoavaliación.....	13
7.4 Actividades de titoría	13
8. Unidade 6. Celso Emilio Ferreiro e outros poetas.....	14
8.1 Criterios de avaliación.....	14
8.2 Suxestións para o estudo	14
8.3 Actividades de autoavaliación.....	14

8.4	Actividades de titoría	14
9.	Unidade 7. A Xeración dos 50. A poesía	15
9.1	Criterios de avaliación.....	15
9.2	Suxestións para o estudo	15
9.3	Actividades de autoavaliación.....	15
9.4	Actividades de titoría	15
10.	Unidade 8. A Xeración dos 50. A nova narrativa e o ensaio.....	16
10.1	Criterios de avaliación.....	16
10.2	Suxestións para o estudo	16
10.3	Actividades de autoavaliación.....	16
10.4	Actividades de titoría	16
11.	Unidade 9. A literatura actual. A poesía	17
11.1	Criterios de avaliación.....	17
11.2	Suxestións para o estudo	17
11.3	Actividades de autoavaliación.....	17
11.4	Actividades de titoría	17
12.	Unidade 10. A literatura actual. O teatro, a narrativa e o ensaio.....	18
12.1	Criterios de avaliación.....	18
12.2	Suxestións para o estudo	18
12.3	Actividades de autoavaliación.....	18
12.4	Actividades de titoría	18
13.	Solucións ás actividades de autoavaliación.....	19
13.1	Unidade 0. Entre dous séculos.	19
	Solucións ao "Obradoiro" (páxina 18).....	19
13.2	Unidade 1. O tempo das Irmandades da fala	19
	Solucións ao "Obradoiro" (páxinas 29-30).....	19
13.3	Unidade 2. A Xeración Nós.....	20
	Solucións ao "Obradoiro" (páxina 48).....	20
13.4	Unidade 3. As vangardas.....	21
	Solucións ao "Obradoiro"(páxinas 61-62).....	21
13.5	Unidade 4. A literatura galega en América.....	22
	Solucións ao "Obradoiro" (páxinas 81-82).....	22
13.6	Unidade 5. Arredor de Galaxia.....	23
	Solucións ao "Obradoiro" (páxina 98).....	23
13.7	Unidade 6. Celso Emilio Ferreiro e outros poetas	24
	Solucións ao "Obradoiro" (páxinas 110-111).....	24
13.8	Unidade 7. A Xeración dos 50. A poesía	25
	Solucións ao "Obradoiro" (páxinas 128-130).....	25
13.9	Unidade 8. A Xeración dos 50. A nova narrativa e o ensaio	25
	Solucións ao "Obradoiro"(páxina 144).....	25
13.10	Unidade 9. A literatura actual. A poesía	26
	Solucións ao "Obradoiro" (páxinas 164-167).....	26
13.11	Unidade 10. A literatura actual. O teatro, a narrativa e o ensaio	27
	Solucións ao "Obradoiro" (páxinas 193-194).....	27

1. Introducción

A materia: liñas xerais

Esta materia é unha continuación da que cursou nos seus estudos de primeiro de bacharelato, coa diferenza de que agora terá ocasión de completar os seus coñecementos literarios (século XX). Perséguese que complete a súa competencia comunicativa a un nivel superior. Para isto pediráselle que aplique unha maior curiosidade á hora de afondar nas materias, a fin de que integre os coñecementos que ofrece o bacharelato. Amais, cómpre que coñeza a historia da literatura galega sendo quen de distinguir as características dos movementos literarios que xorden no século XX e os principais escritores que os integran e de analizar e valorar algunhas das súas obras mais significativas mediante a lectura e o comentario.

Libro de texto

O libro de texto seleccionado é *Literatura Galega do século XX* (2009), editorial A nosa Terra, ISBN: 84-8341-056-7.

Esta obra aparece estruturada en once unidades didácticas, destinadas ao estudo da literatura galega desde inicios do século XX ata a actualidade.

As unidades presentan a estrutura seguinte:

- Historia da literatura: estudo teórico do período da historia da literatura galega de que se trate.
- Escolma de textos: actividades de lectura de textos significativos procedentes da etapa que vén de estudar.
- Obradoiro: actividades de comentario nas que se analizan os textos propostos.

Distribución temporal das unidades.

Tendo en conta que a materia de literatura require unha distribución temporal lineal para que os alumnos comprendan como os movementos modernos suceden aos mais antigos, recollendo e reelaborando certas temáticas e recursos e descartando outros, a materia distribuirase en orde cronolóxico.

- Primeira avaliación: comprende as cinco primeiras quincenas e nela estudaremos as unidades 0 a 3.
- Segunda avaliación: abrangue as cinco quincenas seguintes e nela ocuparémonos das unidades 4 a 6 do libro de texto.
- Terceira avaliación: abrangue as cinco últimas quincenas e nela ocuparémonos das unidades 7 a 10 do libro de texto.

Queda ao criterio do docente a posibilidade de variar esta distribución segundo as necesidades do alumnado e o seu ritmo de aprendizaxe.

Doutra banda, ao non axustarse os actuais libros de texto á secuenciación contemplada no novo currículo de bacharelato, esta guía incluírá ao inicio de cada unidade as indicacións

necesarias a ter en conta de cara a unha programación que siga máis de cerca a establecida no decreto que regula ese currículo.

Metodoloxía de estudo

Debe comezar o estudo de cada unha das unidades lendo atentamente os contidos teóricos que aparecen no libro de texto. Nunha segunda lectura, debe elaborar un guión persoal no que tomará nota dos conceptos novos que aparecen e tentará relacionalos cos coñecementos previos que posúe.

Unha vez asimilados os contidos teóricos, realizará as actividades que se lle propoñen, tanto as de autoavaliación coma as de tutoría porque deste xeito poderá poñer en práctica os aspectos estudados e asemade verá as dificultades coas que se atopa. Aconsellamos que comece polas actividades de autoavaliación porque están relacionadas directamente cos diferentes apartados teóricos das unidades e anote as dúbidas que xurdiron na súa realización trala revisión das solucións que aparecen na parte final desta guía. Nas tutorías presenciais e de orientación pode presentar ao seu titor ou titora todos os problemas cos que se atopou, tanto no estudo teórico coma na realización das actividades.

É fundamental para lograr o éxito nesta materia que leve a cabo un traballo constante e que combine a aprendizaxe de aspectos teóricos coa posta en práctica deses mesmos contidos.

Como material complementario ao libro de texto, debería contar vostede cun dicionario adaptado ás normas ortográficas e morfolóxicas do ano 2003 e cunha gramática ou manual do noso idioma. Amais das que pode atopar en formato impreso no mercado pertencentes a diferentes editoriais, dispón vostede en internet de dous enlaces que lle dan acceso a este material:

- <http://www.xunta.es/linguagalega>
- <http://www.recursosparaogalego.com>
- <http://www.ciug.cesga.es>

Apartados do traballo en cada unha das unidades

En cada unha das unidades da guía atopará os seguintes apartados:

- **Criterios de avaliación:** indícase o que debe ser capaz de facer e o que debe saber ao rematar a unidade.
- **Suxestións para o estudo:** salientanse os aspectos máis importantes do tema e remítese, cando procede, a outras unidades ou ao apéndice final do libro.
- **Actividades de autoavaliación:** son as actividades que deberá realizar e das que se ofrecen as solucións ao final desta guía.
- **Actividades de tutoría:** actividades que serán revisadas nas tutorías lectivas e debe realizar con anterioridade á súa asistencia ás mesmas.

As tutorías lectivas e de orientación

As tutorías lectivas (colectivas e de asistencia obrigatoria) dedicaranse a abordar os aspectos teóricos e prácticos máis significativos de cada unidade ou aqueles que presenten maior complexidade, incidindo nos contidos de tipo procedemental. Revisaranse, amais, as que nesta guía figuran como actividades de tutoría.

As titorías de orientación (individuais e de carácter voluntario) dedicaranse a solucionar as dúbidas que o alumnado atope no estudo dos contidos das unidades didácticas e mais na realización das actividades.

Lecturas recomendadas

Recomendamos a lectura dalgunhas das seguintes obras:

- *Relatos*, de Vicente Risco.
- *Retrincos*, de Castelao.
- *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro.
- *Se o vello Sinbad volvese ás illas*, de Álvaro Cunqueiro.
- *Á lus do candil*, de Ánxel Fole.
- *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor.
- *Arraianos*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.
- *Ilustrísima*, de Carlos Casares.
- *Criminal*, de Xurxo Borrazás.
- *Malaria sentimental*, de Xabier Queipo.

2. Unidade 0. Entre dous séculos

2.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Identificar os cambios históricos, socioeconómicos e culturais que marcaron o inicio do século XX en Galicia.
- Recoñecer as características propias da obra poética de Noriega Varela (temas e estilos) e mais de Francisca Herrera Garrido (temas da súa poesía lírica; temas, obras e intención da súa poesía narrativa).
- Realizar un comentario de textos no que se poidan recoñecer e apreciar as características temáticas, estilísticas e ideolóxicas dos autores citados.
- Identificar as características propias da obra de Manuel Lugrís Freire (especialmente como autor dramático).
- Realizar un comentario de texto distinguindo as características temáticas, estilísticas e ideolóxicas deste autor.

2.2 Suxestións para o estudo

A unidade 0 (“Entre dous séculos”) presenta a produción literaria do primeiro terzo do século XX, que estará formada pola obra de tres xeracións de autores cuxa obra estudaremos nas unidades 1 (O tempo das Irmandades da fala), 2 (A Xeración Nós) e 3 (As vangardas). Cada unha destas xeracións vai buscar unha vía literaria de expresión ben distinta, debido aos profundos cambios sociais deste período. Esta unidade inicial permitiranos coñecer o contexto histórico dos autores que escriben a principios do século XX, tendo en conta os cambios sociais (causas da decadencia da fidalguía e aparición da burguesía) e culturais (Rexionalismo). Para completar a panorámica, convén que teña en conta a importancia do movemento agrarista, impulsor da maior parte dos cambios estudados.

Esta unidade, en concreto, móstranos as distintas vías que atopou a lírica durante ese período, que en poesía dá cabida a dúas xeracións de autores.

Na primeira xeración (páxinas 11 e 12) destácase a Antón Noriega Varela e Francisca Herrera Garrido, autores formados no século XIX pero activos no XX. O apartado “A poesía entre dous séculos” é unha introdución. Despois dela pasará vostede ao estudo de Noriega Varela, realizando as actividades recomendadas. Os apartados “A narrativa entre dous séculos” e “O teatro entre dous séculos” deben ser lidos previamente, antes de abordar a vida e obra de Manuel Lugrís Freire (páxina 14). A “Escolma de textos” recolle outros dous poemas destes autores (texto 1, Noriega Varela; textos 4 e 5, Manuel Lugrís)

O alumno deberá facer unha lectura comprensiva dos contidos teóricos e, sempre que sexa posible, un pequeno esquema onde se recollan as características principais deste período, autores principais, estilo e obras de cada un.

2.3 Actividades de autoavaliación

- Para o primeiro bloque de contidos (A poesía entre dous séculos: Noriega Varela), realice o exercicio 1 do “Obradoiro” (páxina 18) tras facer unha lectura comprensiva do texto 1.
- Para o segundo bloque de información (A narrativa e o teatro entre dous séculos):
 - Lea detidamente o texto das páxinas 16-17 e realice a actividade 4 do “Obradoiro”.
 - Realice o exercicio 2 do “Obradoiro” tras ler o texto “A tecedeira de Bonaval” de Antonio López Ferreiro (páxina 15).

2.4 Actividades de titoría

Despois de ler de modo comprensivo os dous bloques de información, e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaranse as actividades que lle indicamos de seguido:

- Comentario conxunto do texto de Noriega Varela “As froliñas dos toxos”.
- Lectura e comentario do texto 5 (páxina 17).
- Exercicio 5 do “Obradoiro”(páxina 18).

3. Unidade 1. O tempo das Irmandades da fala

3.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Ter coñecementos sobre a creación poética, a narrativa e o teatro deste período.
- Recoñecer e apreciar a obra dos autores Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte e Xoán Vicente Viqueira, tanto dende o punto de vista literario e estilístico como na súa dimensión social.
- Identificar a importancia das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos, tanto na dimensión literaria como na histórica e social.
- Recoñecer a obra de cada un dos autores e poder realizar un comentario literario dun texto dado.

3.2 Suxestións para o estudo

A unidade 1, “O tempo das Irmandades da Fala ”, aborda a produción poética e en prosa (narrativa, teatro e ensaio) que se levou a cabo nos primeiros anos do século XX, prestando especial atención á renovación da prosa.

Esta unidade presenta en primeiro termo a obra poética dos escritores “vellos” que se formaron nos últimos anos do século XIX (Ramón Cabanillas) xunto coa obra dos “novos”, nados nos últimos anos do século XIX e plenamente activos nos primeiros anos do XX, mais interesados pola renovación da prosa galega.

En canto ao primeiro bloque de información (“As Irmandades da Fala”) haberá que ter en conta as condicións históricas e socioculturais da Galicia de principios do XX para poder encadrar os autores que estudaremos no seu contexto (véxanse, para refrescar ideas, as páxinas 9-10 da unidade anterior). Estes serán, en primeiro lugar, o poeta Ramón Cabanillas e en, segundo lugar, os prosistas, ensaístas e xornalistas das Irmandades, Antón Vilar Ponte e Xoán Vicente Viqueira.

A seguir, poderá vostede pasar ao seguintes apartados:

- “A poesía na época das Irmandades” representada aquí por Ramón Cabanillas.
- “As novelas curtas: Céltiga e Lar” (páxina 23), que achega unha panorámica da situación editorial na que se publican as primeiras coleccións de novelas galegas.
- “O teatro das Irmandades da Fala”, dentro do que se analiza a figura de Antón Vilar Ponte.
- “O ensaio”, xénero ao que se axustan moitas das obras de Xoán Vicente Viqueira. Cómpre destacarmos a importancia do Seminario de Estudos Galegos na renovación da prosa e na aparición do ensaio científico en galego.

Tras facer unha lectura comprensiva dos contidos teóricos, recoméndase ao alumno que elabore un resumo no que se recollan os conceptos máis salientables, os autores e máis as súas obras. Finalmente, poderá realizar as actividades recomendadas. Pida axuda ao titor para resolver as dúbidas que se lle presenten, así como para comprobar a adecuación dos seus exercicios de autoavaliación.

3.3 Actividades de autoavaliación

- Tras facer unha lectura atenta e reflexiva dos textos 2 e 3 da “Escolma de textos”, realice as actividades 2 e 3 do “Obradoiro” (páxina 29). Teña en conta as características do estilo de Cabanillas (páxina 21) e as nocións aprendidas no tema anterior acerca do agrarismo (páxina 10).
- Despois de ler o texto 5 da “Escolma”, realice a actividade 5 do “Obradoiro” (páxina 30).

3.4 Actividades de titoría

Despois de ler e assimilar a información, e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaranse as actividades que lle indicamos de seguido:

- Realice o exercicio 4 da páxinas 29.
- Realice o exercicio 6 da páxina 29.

4. Unidade 2. A Xeración Nós

4.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Recoñecer a labor cultural e literaria dos membros da Xeración Nós.
- Identificar e comentar a obra narrativa, ensaística e dramática de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Alfonso Daniel R. Castelao, como principais autores asociados a este grupo.
- Recoñecer as innovacións que supuxo a dramática da Xeración Nós, así como a obra dos tres autores citados.

4.2 Suxestións para o estudo

Esta unidade, “A Xeración Nós”, amosa o resultado da renovación prosística que se iniciou coa labor das Irmandades da Fala (unidade 1).

A información que aquí se ofrece está estruturada exactamente igual que na unidade anterior, polo que vostede deberá seguir os mesmos pasos:

- Facer unha lectura atenta do apartado “A Xeración Nós” (páxina 31), na que se explican as características comúns aos escritores desta xeración.
- Pasar despois ao apartado no que se dá conta das innovacións que os homes da Xeración Nós incorporaron aos xéneros narrativo e dramático, os máis cultivado por eles.
- Estudar os tres autores aquí destacados: Vicente Risco, Ramón Otero Pedraio e Daniel R. Castelao.
- Realizar as actividades de autoavaliación indicadas.

4.3 Actividades de autoavaliación

- Lea atentamente o texto 1 da páxinas 42 e realice a actividade 1 da páxina 48.
- Realice os exercicios 6, 7, 8, 9 do “Obradoiro” tras facer unha lectura exhaustiva dos textos correspondentes

4.4 Actividades de titoría

Despois de ler e assimilar os dous bloques de información, e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaranse as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividade 3 da páxina 48.
- Actividade 5 da páxina 48.
- Comentario do texto 4 (páxina 44), ou os que seleccione o titor.

5. **Unidade 3. As vangardas**

5.1 **Criterios de avaliación**

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Dispor dunha idea de conxunto da poesía galega de vangarda.
- Recoñecer e apreciar as características de tema e estilo das distintas vangardas que triunfaron en Galicia e os principais autores.
- Interpretar os textos no seu valor connotativo.
- Realizar un comentario de texto dalgún dos poemas pertencentes a este período.

5.2 **Suxestións para o estudo**

Con esta unidade rematamos o estudo da produción literaria anterior á guerra e á ditadura franquista, inda que na seguinte veremos como moitos destes escritores continuaron a súa obra no exilio xunto con membros inda activos da Xeración Nós.

Deberá vostede comezar polo apartado “A poesía no século XX: As vangardas europeas” (páxinas 49-50), onde se detalla a situación global da literatura europea deses anos. No apartado seguinte preséntase a situación da literatura galega, destacándose aqueles movementos vangardistas que atoparán cultivadores na nosa lingua, como o hiloísmo ou o neotrobadorismo. Despois de ler atentamente e resumir ou esquematizar esa introdución, poderá vostede pasar aos contidos literarios. Tras asegurarse de que comprende vostede as características destes movementos líricos, poderá estudar a obra de cada un dos autores (Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Álvaro Cunqueiro e Rafael Dieste) e iniciar a comprensión e estudo das características principais do seu estilo. Despois realizará as actividades de autoavaliación recomendadas. Pida axuda ao titor para resolver as dúbidas que se lle presenten, así como para comprobar a adecuación dos seus exercicios de autoavaliación.

5.3 **Actividades de autoavaliación**

- Realice as actividades 1 e 3 do “Obradoiro” (páxina 61).
- Realice os exercicios 9 e 11 do “Obradoiro” (páxina 62)

5.4 **Actividades de titoría**

Despois de ler e asimilar os contidos teóricos, e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaranse as actividades que lle indicamos de seguido:

- Exercicio 2 do “Obradoiro” (páxina 61).
- Exercicio 7 do “Obradoiro” (páxina 62).

- “Comentario de texto” : exercicios seleccionados polo titor.

6. Unidade 4. A literatura galega en América

6.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Dispor dunha visión global do panorama da literatura galega no exilio.
- Poder ler un texto de calquera destes autores, sendo capaz de determinar o tema e recoñecendo os recursos formais que o caracterizan, e deducir a súa relación coa época na que se deron.
- Comprender a importancia que tiveron as iniciativas dos emigrantes para o desenvolvemento da cultura galega tanto en Galicia como nos países de acollida, e poder apreciála e xustificála.

6.2 Suxestións para o estudo

A presente unidade, “A literatura galega en América”, complementa a anterior, xa que amosa unha panorámica da literatura en galego que se estaba a publicar no estranxeiro. Por unha banda, atopamos a obra dos emigrantes; por outra, a dos autores que tiveron que exiliarse despois da guerra civil. Antes de empezar con cada un deles, debería vostede ler atentamente o apartado inicial (páxina 63), onde se explican os trazos xerais deste período. Debe quedar clara a diferenza entre “emigración” e “exilio” (a primeira adoita estar motivada por causas económicas e o segundo, por causas políticas).

Cómpre que vostede faga unha lectura atenta de cada unha destas informacións e dos autores que nelas se recollen (prestando especial atención a Luís Seoane, Blanco Amor e Xosé Neira Vilas) para que logo poida realizar os exercicios de autoavaliación recomendados.

6.3 Actividades de autoavaliación

- Realice os exercicios 1, 3 e 8 do “Obradoiro” (páxina 81).
- Exercicio 11 (páxina 82).

6.4 Actividades de titoría

Despois de ler a información e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Exercicio 2 (paxina 81).
- Exercicio 9 (páxina 277).

- “Comentario de texto” : exercicios seleccionados polo titor.

7. Unidade 5. Arredor de Galaxia

7.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Identificar a importancia do grupo Galaxia, polo seu papel na recuperación da literatura galega da posguerra.
- Recoñecer as claves desta época, dos autores e as súas obras.
- Comprender a estreita relación entre a literatura destes anos e a realidade social que se vivía.

7.2 Suxestións para o estudo

Nesta unidade, “Arredor de Galaxia”, estudaremos a importancia que tivo a labor editorial na recuperación da literatura galega dos anos 50, non só coma difusora de libros, senón tamén coma nexo de unión cos escritores que permanecían en Galicia. O texto introdutorio da páxina 83 ofrécenos unha panorámica da situación que vivía a cultura galega dende o ano 1936 ata a metade do século XX, cando comeza a recuperación literaria. Tras a lectura atenta dese apartado, pode pasar ao estudo dos principais autores (Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carvalho Calero...), prestando especial atención ao estilo, etapas e obras principais. Tras assimilar os contidos teóricos, pode pasar a realizar as actividades de autoavaliación.

7.3 Actividades de autoavaliación

Tras facer unha lectura atenta dos textos 1, 4, 7 e 10 da “Escolma” (páxinas 91-97), realice os exercicios 1, 4, 7 e 10 do “Obradoiro”(páxina 98).

7.4 Actividades de titoría

Despois de ler e assimilar os contidos desta unidade e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaranse as actividades que lle indicamos de seguido:

- Exercicio 3 (paxina 98).
- Exercicio 6 (páxina 98).
- “Comentario de texto”: exercicios seleccionados polo titor.

8. Unidade 6. Celso Emilio Ferreiro e outros poetas

8.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Recoñecer as liñas xerais da produción poética da posguerra e as súas tendencias innovadoras (Escola da Tebra, poesía culturalista, poesía intimista e socialrealista).
- Explicar e determinar as liñas temáticas e formais tratadas polos autores nos seus textos.

8.2 Suxestións para o estudo

Esta unidade inclúe a obra dos poetas galegos nados nas primeiras décadas do século XX. A introdución (páxinas 99-100) achega información acerca do contexto histórico e cultural e das novas tendencias poéticas: Escola da Tebra, culturalismo, intimismo e a poesía socialrealista.

Tras a lectura atenta deste apartado, pode pasar ao estudo dos distintos autores e á realización das actividades de autoavaliación.

8.3 Actividades de autoavaliación

Poesía:

- Lectura dos textos suxeridos na “Escolma” (páxinas 104-109).
- Exercicios 1 e 2 (páxina 110).
- Exercicios 8 e 11 (páxina 111).

8.4 Actividades de titoría

Na aula realizarase o repaso da unidade e revisaranse os exercicios de autoavaliación, comentarios e observacións sobre a materia.

Despois de ler e assimilar os contidos desta unidade e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaranse as actividades que lle indicamos de seguido:

- Exercicio 4 (páxina 110).
- Exercicio 14 das (páxina 111).
- “Comentario de texto” : exercicios seleccionados polo titor.

9. Unidade 7. A Xeración dos 50. A poesía

9.1 Criterios de avaliación

- Recoñecer os trazos mais salientables da poesía da Xeración dos 50.
- Identificar a temática, estilo, etapas e obras principais dos poetas da Xeración dos 50.

9.2 Suxestións para o estudo

Nesta unidade estudaremos a poesía da chamada “Xeración dos 50”, formada por autores que comezaron a publicar a súa obra en torno á metade do século XX. Estes poetas introducen a temática existencialista con toques de surrealismo, para evolucionar despois en contacto coa poesía social.

O texto introdutorio (páxina 113-114) explica os trazos que definen a este grupo xeracional. Tras facer unha lectura atenta deste, pode pasar ao estudo dos poetas que compoñen o grupo. Resultaralle de axuda elaborar un resumo ou esquema que recolla os principais trazos do estilo de cada autor, temáticas que trata, etapas nas que se divide a súa produción e obras mais significativas.

Tras a lectura da unidade e a asimilación dos contidos teóricos, pode realizar as actividades de autoavaliación.

9.3 Actividades de autoavaliación

Tras facer unha lectura reflexiva dos textos correspondentes da “Escolma” realice as actividades 2, 8 e 9 (páxina 128) e os exercicios 10 e 11 (páxina 129).

9.4 Actividades de titoría

Na aula repasaranse os contidos da unidade e revisaranse as actividades de autoavaliación.

Tras assimilar a información teórica e realizar as actividades de autoavaliación, solicite a axuda do titor para verificar a adecuación do seu comentario e consultar as dúbidas que podan xurdir.

Na aula realizaranse as actividades seguintes:

- Actividade 4 (páxina 128).
- Actividade 12 (páxina 129).
- Actividade 23 (páxina 129).

10. Unidade 8. A Xeración dos 50. A nova narrativa e o ensaio

10.1 Criterios de avaliación

- Recoñecer os trazos principais da nova narrativa, especialmente os procedementos innovadores e vangardistas e as técnicas de perspectivismo múltiple, monólogo interior e técnica obxectalista.
- Identificar o estilo, temática e etapas da produción narrativa e ensaística dos escritores da Xeración dos 50 e as principais obras de cada un.

10.2 Suxestións para o estudo

Nesta unidade complétase o estudo dos escritores da Xeración dos 50, que se iniciara na unidade 7 (poesía), amosando a labor dos ensaístas e narradores deste grupo xeracional. Pode ser útil reler a introdución desta unidade 7 (páxinas 113-114), prestando atención ás características comúns dos poetas e os prosistas.

Tras ler atentamente a introdución, que informa dos trazos mais salientables da renovación levada a cabo polos novos narradores e ensaístas, pode comezar a estudar aos prosistas deste grupo. Convén que realice un resumo ou esquema dos contidos teóricos desta unidade.

Unha vez asimile os contidos teóricos e consulte co titor as dúbidas que podan xurdir, realice as actividades de autoavaliación que se propoñen no seguinte apartado.

10.3 Actividades de autoavaliación

Tras assimilar os contidos teóricos, realice as actividades de autoavaliación seguintes:

- Lectura dos textos recollidos na “Escolma” (páxinas 139-144).
- Actividades 1, 2 e 3 (páxina 144).

10.4 Actividades de titoría

Na aula repasaranse os contidos da unidade e revisaranse as actividades de autoavaliación. Pode solicitar a axuda do titor para resolver calquera dúbida e tamén para comprobar a adecuación dos seus comentarios e actividades.

Realizaranse as seguintes actividades:

- Actividade 4 (páxina 144).
- “Comentario de texto” (seleccionado polo titor).

11. Unidade 9. A literatura actual. A poesía

11.1 Criterios de avaliación

- Recoñecer as tendencias poéticas actuais.
- Identificar os autores que publican en Galicia a partir dos anos 80 do século XX e as súas obras mais destacadas.
- Recoñecer os autores que publican dende a década dos 90 e as súas obras mais destacadas.
- Descubrir as conexións entre o contexto histórico e político galego e a consecución dun estándar literario.

11.2 Suxestións para o estudo

Esta unidade pretende amosar unha panorámica das tendencias da poesía en lingua galega, dende os anos 80 á actualidade. Na unidade 10 completarase a revisión da literatura actual con información acerca dos xéneros literarios restantes (teatro, narrativa e ensaio).

Tralo texto introdutorio inicial, atoparemos o apartado “A procura do estándar literario”, no que se relacionan os cambios sociais e políticos que se produciron dende a ditadura coa consecución dunha lingua literaria estándar. Os apartados seguintes, “A poesía na década dos 80” (páxinas 147-148) e “A poesía dos 90 ata hoxe” (páxinas 151-152), describen as tendencias da poesía actual destacando a inclinación polo culturalismo e o auge da poesía feita por mulleres.

Tras assimilar os contidos teóricos (para o que lle suxerimos que realice un resumo ou un pequeno esquema que recolla os datos mais relevantes) poderá realizar as actividades de autoavaliación.

11.3 Actividades de autoavaliación

Tras assimilar os contidos teóricos da unidade, póñaos en práctica realizando as actividades seguintes:

- Actividades 2, 8 e 9 (páxina 165).
- Actividade 14 (páxina 166).

11.4 Actividades de titoría

Na aula repasarase a unidade e revisaranse as actividades de autoavaliación. Lembre consultar co titor as dúbidas que lle xurdan e comprobar co docente se a resolución das actividades resultou adecuada.

Realizaremos na aula as seguintes actividades:

- Actividade 6 (páxina 165).
- Actividade 16 (páxina 166).
- Actividade 23 (páxina 167).

12. Unidade 10. A literatura actual. O teatro, a narrativa e o ensaio

12.1 Criterios de avaliación

- Recoñecer as tendencias do teatro actual e a obra dos autores mais significativos.
- Identificar os trazos mais salientables da narrativa actual, os autores e as obras.
- Comprender as causas históricas e culturais do desenvolvemento do xénero ensaístico ao longo do século XX.

12.2 Suxestións para o estudo

Esta unidade vén completar a panorámica da literatura actual en lingua galega, engadindo, aos contidos estudados na unidade 9, información acerca dos xéneros teatral, narrativo e ensaístico. Dado que ambas unidades se complementan, convén ler de novo os contidos da unidade anterior referidos ao contexto histórico e sociocultural.

O primeiro bloque de contidos fala da situación do teatro galego, centrándose despois no estudo dos autores. O bloque seguinte céntrase na narrativa e mantén a mesma estrutura cun apartado no que se describe a situación da narrativa xuvenil. O derradeiro bloque céntrase no xénero ensaístico, que experimentou un gran auxe ao longo do século pasado.

A confección dun resumo que recolla a situación dos tres xéneros (teatral, narrativo e ensaístico), xunto cós escritores e obras mais relevantes de cada un deles, pode ser un procedemento que lle facilite o estudo deste período.

Unha vez lidos os contidos teóricos desta unidade, pode pasar a realizar as actividades de autoavaliación, que lle permitirán poñer en práctica os coñecementos adquiridos.

12.3 Actividades de autoavaliación

Tras ler atentamente a unidade 10, realice os seguintes exercicios:

- Actividades 1 e 3 (páxina 193).
- Actividade 10 (páxinas 193-194).

12.4 Actividades de titoría

Amais de repasar os contidos teóricos da unidade, consultar as dúbidas co titor e corrixir as actividades de autoavaliación, na aula faremos os seguintes exercicios:

- Actividade 4 (páxina 193).
- Actividade 6 (páxina 193).

13. Solucións ás actividades de autoavaliación

13.1 Unidade 0. Entre dous séculos.

Solucións ao “Obradoiro” (páxina 18)

- Actividade 1.

O elemento da natureza que aparece destacado é a flor do toxo.

Compárase co caravel e coa rosa, dúas flores que están presentes habitualmente na poesía amorosa, especialmente nas descrições femininas onde adoitan compararse cos beizos da amada.

- Actividade 2.

A chegada de funcionarios de fóra (xuíces, escribáns...) que empregan o castelán como lingua da administración en detrimento do galego. O emprego dunha lingua foránea supón un problema, posto que os que non a saben falar vense na obriga de firmaren documentos sen entender o que poñen; por esa causa se nega a dona nobre a firmar os documentos que lle presenta o escribán.

- Actividade 4.

O Vinculeiro é un cacique. O papel dos caciques consistía en conseguir os votos dos campesiños (moitos deles analfabetos e carentes de ideoloxía política) para un candidato determinado. A cambio, os caciques lograban favores e influencia ou poñer en bos postos a amigos e familiares.

13.2 Unidade 1. O tempo das Irmandades da fala

Solucións ao “Obradoiro” (páxinas 29-30)

- Actividade 2.

Ramón Cabanillas maniféstase a favor das mobilizacións agrarias xa nos seus primeiros libros. A preocupación cívica pola situación dos labregos é unha constante na súa obra.

Nos tres últimos versos deste poema podemos ver unha referencia aos foros, rendas e impostos que afogaban aos labregos, de modo que o agrarismo do autor está sempre presente, incluso nunha composición tan aparentemente inxenua e bucólica.

Trátase dun soneto formado por catorce versos con rima consoante. O esquema métrico é:

ABBA CDDC EEF GGF

- Actividade 3.

O tema desta composición é o desexo que ten o poeta de ver o mundo e afrontar a existencia coa esperanza e a confianza que teñen os que están namorados: o desexo de amar.

O poema está formado por cinco tercetos octosílabos con rima consoante nos versos impares que deixa solto o segundo verso de cada terceto. A rima cambia en cada un dos tercetos pero o esquema sería: aba cdc, etc.

- Actividade 5.

A lingua é un nexo co pasado e os devanceiros (lémbraos que formamos parte dunha raza e dunha cultura).

A lingua achéganos a outros pobos aíns (é fonte de fraternidade con outros pobos que teñen unha ascendencia común coa nosa).

Ter unha lingua propia é un signo da grandeza da nosa nación.

Falar a nosa lingua equivale a exercitar a liberdade como individuos, como pobo e como membros dunha raza.

13.3 Unidade 2. A Xeración Nós

Solucións ao “Obradoiro” (páxina 48)

- Actividade 1.

Trátase dun texto xornalístico: unha editorial.

Nos textos de carácter editorial a directiva dun xornal expresa a ideoloxía que vai orientar as opinións dos artigos que se publiquen nese xornal ou revista.

Vai dirixido a todos os lectores da revista Nós.

Persegue captar a atención dos posibles lectores e incítalos a mercar esa revista de modo habitual pero tamén informalos do que pode ofrecerlles a revista e de cal é a ideoloxía desta publicación.

A revista Nós, creada en Ourense no ano 1920 e dirixida por Vicente Risco, ten un ideario nacionalista pero tamén dá conta das novidades europeas e publica creacións literarias tanto de escritores galegos coma de colaboradores estranxeiros. Nela publicarán os membros da Xeración Nós pero tamén os mozos do Seminario de Estudos Galegos.

- Actividade 6.

Adrián, tras querer identificarse coa cultura española e intentar ser un cosmopolita europeo, atópase a si mesmo como galego e como cidadán do mundo.

O que descobre en Santiago é que o oco que levaba dentro énchese cando está en Galicia e que xa non se sente inseguro e cheo de dúbidas.

- Actividade 7.

O romanticismo da paisaxe, a beleza da Compostela medieval. Tamén valoran aspectos artísticos e culturais coma ver o Códice Calixtino ou ler a Rosalía de Castro.

Inda que o que os atrae nun principio é a importancia cultural de Santiago de Compostela, despois quedan seducidos polo clima e a paisaxe. Santiago parécelles unha cidade romántica porque semella estar detida no tempo.

- Actividade 8.

A época céltica, a civilización romana, a cultura xermánica, a Idade Media, o imperio español e a Revolución Industrial.

Todos eses momentos son épocas nas que se produciron grandes cambios e a civilización fixo grandes avances pero non todos foron momentos de esplendor para a cultura galega. A partir da Idade Media produciuse un deses momentos que o autor chama “períodos mortos” e que considera como un “silencio da conciencia galega”.

- Actividade 9.

Panchito é un rapaz cubano ao que trouxo a Galicia un home rico. A pesar da súa raza críase coma un galego máis e convértese nun rapaz alegre e festeiro. Cando se ve na obriga de volver a Cuba, sente saudade e non logra afacerse alí. O relato ten carácter sintético, porque con poucos trazos nos dá conta da personalidade de Panchito e da súa pequena traxedia, que supón sentirse emigrante na súa verdadeira patria, Cuba, e experimentar saudade pola patria adoptiva, Galicia.

O debuxo non é imprescindible para comprender o texto pero Castelao, gran debuxante e pintor, ilustra así o breve relato.

13.4 Unidade 3. As vangardas

Solucións ao “Obradoiro”(páxinas 61-62)

- Actividade 1.

A “santa” é Rosalía de Castro, o “bardo”, Eduardo Pondal, o “rebelde”, Curros Enríquez.

Os poemas deste libro terán unha estética vangardista con influencias do futurismo do creacionismo e do dadaísmo. A lingua empregada será o galego. Serán poemas sen ritmo, antiburgueses e antirománticos pero cheos de honradez.

- Actividade 3.

Este poema pertence á parte central do libro, durante a travesía.

O emprego do “nos” no canto do habitual “eu” poético é unha característica da poesía de Manuel Antonio para non caer no sentimentalismo e manter certo distanciamento.

A viaxe por mar é un símbolo da viaxe interior cara ao autocoñecemento.

- Actividade 9.

O conto está estruturado mediante o emprego de dous narradores; por unha banda, o narrador principal, que conta todo o sucedido na taberna; por outra, un dos clientes da taberna que conta a historia do rapaz, que naceu sendo un vello e rexuvenecía cos anos.

O que sucede na taberna (un paisano conta unha historia para distraer o taberneiro e marchar sen pagar) forma unha narración marco para a narración do cliente.

A narración marco ten a seguinte estrutura:

Inicio: preséntase o lugar e os personaxes hasta o momento no que se cita a noticia do suicidio do “nenó”.

Nó: a historia que conta o cliente que di coñecer o neno do que fala a noticia.

Esa historia tamén se estrutura nun inicio (circunstancias do nacemento do vello que se volve novo ao medrar), nun nó (vida do “nenó” e problemas que lle causa a súa condición) e un desenlace (o horror polo futuro fai que se suicide).

Desenlace: acabada a historia, o cliente aproveita o estupor creado para fuxir sen pagar.

As coincidencias coa narrativa oral proveñen do emprego da narración marco, que é un recurso frecuente nese tipo de contos, pero a temática argumental é orixinal e novidosa.

- Actividade 11.

A unidade étnica, xeográfica e cultural, especialmente esta última.

13.5 Unidade 4. A literatura galega en América

Solucións ao “Obradoiro” (páxinas 81-82)

- Actividade 1.

Manuel Ponte é unha das figuras míticas da resistencia galega ao réxime franquista. Tras andar escapado durante un tempo, foi acurralado e abatido a tiros no mes de abril do ano 1947.

A prosopopea ou personificación é unha figura estilística que consiste en dotar de características humanas a obxectos inanimados. No poema atopamos as seguintes:

“Berraron os osos brancos do luar/ os eixes da terra víronos berrar.”

“Choraron as serras/ choraron os toxos e chorou o pan”

O emprego desta figura converte a dor pola morte do guerrilleiro nun clamor cósmico, a morte de Manuel estremece a natureza. O poeta emprega a prosopopea para intensificar a sensación de anguria que produce o crime e a inxustiza que representa.

- Actividade 3.

Os sectores sociais máis castigados nos primeiros anos da posguerra foron o dos obreiros e pequenos comerciantes, os intelectuais e políticos republicanos e os estudantes. No poema o sector obreiro está representado pola “filla do zapateiro”, os políticos e intelectuais de ideoloxía liberal son “os homes que soñaron un mundo diferente” e os “estudantes de pousadas pobres” son universitarios procedentes de familias obreiras ou fillos de labregos.

“Eran só ceibes a mar e os paxaros” significa que ninguén era ceibe xa que vivían co medo no corpo e ninguén se atrevía a queixarse para non sufrir as represalias.

- Actividade 8.

O narrador é Cibrán Canedo que está declarando perante o xuíz.

Intervén o Milhomes e, inda que non se perciba a súa presenza no fragmento lido, tamén o Bocas.

Neste fragmento só se emprega o alcume dun, “Milhomes”, pero na novela aparecen os que citamos antes.

- Actividade 11.

O autor emprega o símbolo das ovellas para referirse aos oprimidos e á clase obreira; o símbolo do pecoreiro para se referir ao opresor e explotador burgués; e o símbolo do lobo para significar o medo, avivado polo explotador para dominar mellor os explotados.

Non é unha fábula no sentido estrito posto que nin falan os animais nin hai unha mensaxe moral evidente. Trátase dun conto de carácter alegórico que transmite unha mensaxe de ideoloxía marxista. Podemos consideralo unha innovación dentro do xénero da fábula pola súa intención didáctica, xa que oculta unha lección: inda que o medo funciona ben para dominar a xente, pode chegar o momento no que os oprimidos se unan contra o opresor precisamente porque se excedeu.

Tanto a Revolución Francesa coma a Revolución Rusa comezaron desa maneira: os opresores reaccionaron con excesiva violencia a demandas pacíficas dos oprimidos e acabaron provocando a resposta belixerante do pobo.

13.6 Unidade 5. Arredor de Galaxia

Solucións ao “Obradoiro” (páxina 98)

- Actividade 1.

A historia sucede nunha taberna, na feira de Rubián.

Ocorre no mes de xaneiro despois de Reis.

Os personaxes que se xuntan para xogar ás cartas son tratantes de gando, tamén Tumarón o taberneiro e o aparecido, que fora médico en vida.

O elemento sobrenatural é a aparición da pantasma do médico morto.

O taberneiro é o que explica a historia da pantasma; pola súa intervención sábese que se trata dun médico morto hai vinte anos.

- Actividade 4.

No relato o curandeiro precisa saber o nome e alcume dos enfermos para sandalos. Os nomes significan a identidade e son símbolos semellantes ao do espello onde lles manda mirarse. O espello representa a mirada obxectiva sobre un mesmo; os nomes e alcumes representan como nos ven os demais; a falta de saúde parece ser un síntoma de que esas dúas imaxes non concordan.

Trátase dun relato fantástico que poderíamos clasificar coma “realismo máxico”.

- Actividade 7.

Na época da ditadura resultaba perigoso tentar publicar unha mensaxe así, de feito sería imposible debido á censura, por ese motivo non se publica ata que a democracia está completamente consolidada.

Fan referencia á represión da posguerra, cando os que eran sospeitosos de non apoiar o réxime podían ser arrancados pola forza das súas casas no medio da noite e asasinados a tiros. Os mortos aparecían despois tirados na lama das cunetas. Cando o poeta di que son semente, implica que os mortos caen sementados a moreas na terra aberta da que ha de medrar un incerto futuro.

- Actividade 10.

O tema analizado é o emprego do galego como lingua apta para a difusión de contidos científicos.

Os ensaístas mencionados son: Viqueira, Vilar Ponte, Vicente Risco e Otero Pedraio, (todos eles membros da Xeración Nós), Francisco Fernández, discípulo de Otero Pedraio, e Ramón Piñeiro.

Acerca dos membros da Xeración Nós atopará mais información na unidade 2 (páxinas 31-41). De Ramón Piñeiro obterá información nesta mesma unidade (páxina 88).

13.7 Unidade 6. Celso Emilio Ferreiro e outros poetas

Solucións ao “Obradoiro” (páxinas 110-111)

- Actividade 1.

A paisaxe descrita e a das serras galegas, unha paisaxe rural e agreste por onde deambulan os rabaños e os lobos.

Ás serras.

Si, posto que lembra a primavera neses mesmos montes. Pode ser unha mención ao pasado e á súa xuventude.

Si, emprega imaxes tomadas dos movementos de vangarda.

A meirande parte dos versos son dodecasílabos, carece de rima.

- Actividade 2.

Ao lector ao que chama “amigo”.

O pesimismo amósase con maior intensidade na quinta estrofa co símbolo da noite.

Si, posto que ambos fan referencia á falta de esperanza e de soños.

Na obra deste poeta a noite simboliza a opresión, alude á ditadura franquista.

- Actividade 8.

Solidarízase con todos os oprimidos de calquera lugar do mundo.

Mentres exista a opresión, si.

- Actividade 11.

Penélope era a esposa de Ulises. O seu home marchou á guerra de Troia e tardou vinte anos en poder volver á súa casa. Mentres tanto, outros homes acosaban a Penélope pedíndolle que casara con algún deles. Penélope dáballes largas dicindo que o faría cando acabase de fiar o sudario do seu sogro, pero desfacía pola noite o que fiaba polo día.

Igual que Penélope, Galicia está a agardar pola súa liberdade; a ausencia de peso político e a dependencia de Madrid son a gran frustración histórica de Galicia.

A musicalidade lógrase mediante repeticións, paralelismos e estruturas bimembres.

13.8 Unidade 7. A Xeración dos 50. A poesía

Solucións ao “Obradoiro” (páxinas 128-130)

▪ Actividade 2.

O obxectivo do autor é enxalzar a vida diaria dos labregos.

O elemento enxalzado neste poema é o carro.

É o propio labrego o que fala.

▪ Actividade 8.

O topónimo é “Rogueira”.

O poeta dialoga coa vexetación, coas árbores, coas fontañas e cos carozos.

Ve a natureza como sinónimo da relixión, a natureza é o seu templo.

Como novidade existe unha descrición impresionista da paisaxe e un sentimento panteísta.

▪ Actividade 9.

Ao chegar o inverno, nas casas fíase a la, cóllese herba para o gando, córtase leña para o lume e matan o porco que se cebou durante o ano.

▪ Actividade 10.

A aliteración é unha figura estilística que consiste na repetición dun fonema. Neste caso o fonema repetido é o /r/.

O poeta emprega este recurso para imitar o son do río ao caer polas pedras.

O home pertence á natureza, forma parte dela.

▪ Actividade 11.

O elemento é a fonte e o seu canto.

13.9 Unidade 8. A Xeración dos 50. A nova narrativa e o ensaio

Solucións ao “Obradoiro”(páxina 144)

▪ Actividade 1.

É un relato fantástico. Inda que o ocorrido pode suceder, é altamente improbable que alguén poida pintar un bosque con tal precisión nunha soa noite; por outra banda, o pintor tenta disuadilo sen que ninguén lle dixera que o seu propósito é cruzar a cancela.

Inda que o que conta sexa verosímil, o modo en que o conta é simbólico.

O elemento que máis parece identificarse con Galicia é o bosque de eucaliptos pintado.

O relato comeza coa descrición do camiño repetido cada día (presentación); o nó da narración é a aparición do bosque e as dúbidas do protagonista entre entrar nel ou non; o desenlace é o descubrimento de que o bosque está pintado no muro.

- Actividade 2.

O tema do amor homosexual.

- Actividade 3.

O relato ten lugar nun espazo pechado e abafante: a taberna.

Os personaxes son violentos.

Hai referencias cosmopolitas a Brasil.

A situación parece propia dun pesadelo.

13.10 Unidade 9. A literatura actual. A poesía

Solucións ao “Obradoiro” (páxinas 164-167)

- Actividade 2.

O soneto é un poema composto por catorce versos de arte maior con rima consoante, está formado por dous cuartetos e dous tercetos (ABBA ABBA CDC DCD).

Si, os poetas amosan unha gran preocupación pola forma e perfección técnica.

A forma é tan importante coma o contido.

- Actividade 8.

O poeta fai referencia á posguerra, fala dos tempos nos que ía á escola, cando era un rapaciño.

O espazo do que fala é o da escola.

É un poema cunha forma innovadora, sen rima, e emprega recursos gráficos no primeiro verso.

- Actividade 9.

A bandeira vermella é o símbolo dunha ideoloxía que en tempos pasados significou para o poeta o ideal e a liberdade. Na actualidade está desenganado dese ideal e non o ve como algo real. A magnolia, o acevo e a cegoña son símbolos que inda non están manidos e que evocan todo o que antes lle evocaba a bandeira comunista.

A bandeira representa unha ideoloxía política que xa non o conmove.

- Actividade 14.

Este poema presenta unha estrutura circular; a primeira estrofa e mais a derradeira remiten a unha á outra mediante recursos de repetición e anáfora. O seu centro é a descrición da nave que simboliza os males do amor. A segunda e a cuarta estrofa falan da dor que o amor trae consigo e tamén se relacionan mediante repeticións léxicas. A pregunta retórica da terceira estrofa é o eixe da composición en torno ao cal se organizan os demais elementos.

13.11 Unidade 10. A literatura actual. O teatro, a narrativa e o ensaio

Solucións ao “Obradoiro” (páxinas 193-194)

- **Actividade 1.**

A imaxe dunha muller doente e melancólica (lembra o texto de Manuel Antonio na páxina 56 no que a chama “santa”).

A imaxe de Rosalía de Castro coma unha muller apoucada, chorosa e pouco combativa non responde á realidade da súa obra senón só a unha parte descontextualizada da mesma. Pode ser que esa imaxe sexa o resultado de certa manipulación que preferiu non ver a Rosalía mais combativa.

- **Actividade 3.**

No texto fálase da educación para a paz e a non violencia (entre outros).

- **Actividade 10.**

A renda dos estremeños está constituída unicamente polo seu salario, mentres que a dos galegos está formada polo seu salario e mais un pequeno suplemento procedente da propiedade agraria.